


# Camiño do Xacobeo



CEIPP DE SIGÜEIRO

Curso 2021/22

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia





# O Camiño Inglés

6º EDUCACIÓN PRIMARIA



O CAMIÑO INGLÉS CONTA EN GALICIA CON DÚAS ALTERNATIVAS, AÍNDA QUE CONVÉN SINALAR QUE O ITINERARIO DESDE A CORUÑA É MÁIS CURTO (73 KM) CA O QUE PARTE DE FERROL (112,5 KM). AMBOS, CHEOS DE ATRACTIVOS E HISTORIA, CONFLÚEN A METADE DE CAMIÑO, NA LOCALIDADE DE BRUMA, ONDE CONTINÚAN XUNTOS OS ÚLTIMOS 40 KM ATA COMPOSTELA.








# CIDADE VELLA E CATEDRAL DE SANTIAGO


6º EDUCACIÓN PRIMARIA



PATRIMONIO DA  
HUMANIDADE E BEN DE  
INTERESE CULTURAL







**CIDADE VELLA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:** A cidade vella de Santiago de Compostela é unha zona urbana da capital galega caracterizada pola súa arquitectura antiga e monumental. Foi elixida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1985, satisfacendo 3 dos criterios suficientes de selección.

**A CATEDRAL:** O centro histórico da cidade medrou arredor da catedral a partir do mítico achado do sepulcro do Apóstolo Xacobe no ano 813, atraendo a peregrinación de millóns de persoas durante séculos nun dos fenómenos mais salientables da historia medieval. As edificacións que foron construídas na cidade antiga durante ás épocas románica, gótica e barroca, fixeron dela unha das zonas urbanas mais fermosas do mundo, converténdose nun lugar de culto cun gran esplendor artístico.

